

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 14.12.2017 Hora: 10:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de decembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 19782 (10/POC-003237)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns das sucesivas demoras da Xunta de Galicia na resolución da convocatoria de axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, así como os requisitos exixidos ás persoas solicitantes, as súas previsións respecto da introdución dalgunha modificación nela e as razóns existentes para non asinar máis de 40 contratos predoutorais nas convocatorias de 2013 e 2014
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017
- 1.2 20503 (10/POC-003327)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a modificación de crédito por importe de 10.129.000,00 euros iniciada o 25 de outubro de 2017 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a xustificación da necesidade de incrementar en 9.100.000,00 euros (o 89,83 %) as partidas necesarias para atender os gastos de Seguridade Social non vinculados a situacións de incapacidade laboral transitoria
Publicación asignación nova Comisión, BOPG n.º 220, do 30.11.2017
- 1.3 20540 (10/POC-003330)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do cumprimento nas catedrais de Mondoñedo, Ourense e Tui do réxime de visitas derivado da súa condición de "ben de interese cultural" e a actuación que vai levar a cabo ao respecto
Publicación asignación nova Comisión, BOPG n.º 220, do 30.11.2017
- 1.4 20614 (10/POC-003342)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a dispoñibilidade pola Secretaría Xeral de Cultura dalgún plan para

garantir a viabilidade do Museo de Arte Contemporánea de Vigo e as previsións do Goberno galego respecto do aumento da súa participación no padroado

Publicación asignación nova Comisión, BOPG n.º 220, do 30.11.2017

- 1.5 20619 (10/POC-003343)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á venda polo Ministerio de Facenda en poxa pública do predio en que se atopa o xacemento arqueolóxico do Paleolítico Superior da Pena Grande de Férvedes, no concello de Vilalba, a notificación á Xunta de Galicia ou ao concello desa decisión e as medias adoptadas ou previstas para garantir a súa permanencia en pé e mantemento, así como a valoración da posibilidade de reclamar a súa titularidade pública
Publicación asignación nova Comisión, BOPG n.º 220, do 30.11.2017
- 1.6 20984 (10/POC-003386)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 8 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referido á realización dun estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, respecto da posibilidade de reversión ao patrimonio público da titularidade do pazo de Meirás. (Procedemento de urxencia)

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 10554 (10/PNC-001095)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas ao apoio ás salas de teatro en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017
- 2.2 20986 (10/PNC-001716)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre a planificación e programación pola Xunta de Galicia das iniciativas precisas para a celebración no ano 2018 do Ano Europeo do Patrimonio Cultural. (Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 222, do 04.12.2017



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 14.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 19782(10/POC-003237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns das sucesivas demoras da Xunta de Galicia na resolución da convocatoria de axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, así como os requisitos exixidos ás persoas solicitantes, as súas previsións respecto da introdución dalgunha modificación nela e as razóns existentes para non asinar máis de 40 contratos predoutorais nas convocatorias de 2013 e 2014

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19782
Data envío: 06/11/2017 13:52:58.269

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as axudas de apoio á etapa predoutoral en Galiza.

Con data do 9 de xuño o Diario Oficial de Galiza (DOG) publicou a Orde do 29 de maio de 2017, conxunta da Consellaría de Cultura, Educación e O.U e da Consellaría de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i.

En xuntanza co grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a Asemblea de Investigadoras de Compostela, expuxo os problemas que están a atinxir as persoas investigadoras en etapa predoutoral e que se veñen sucedendo desde hai anos. Entre eles,

1. As sucesivas demoras na convocatoria das devanditas axudas que acumularon case 11 meses no ano 2017 en relación coa de 2012.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19782

Data envío: 06/11/2017 13:52:58.269

2. A data de resolución da convocatoria, 8 días despois da data límite para a sinatura dos contratos.

3. O tempo de agarda que deriva deste atraso e que abocou as persoas solicitantes matriculadas en programas de doutoramento do SUG no curso 2016/2017 a agardar todo un curso académico sen garantías de ter financiamento.

4. Críticas aos criterios de avaliación que supoñen a discriminación do estudantado de doutoramento que non investigan asuntos indicados polo FSE ou que non pertencen a un grupo de investigación dos centros promovidos.

5. A imposición de restricións na escolla do destino no que desenvolver a obrigada estadía exterior e o tempo no que esta debe decorrer.

6. A fixación dun límite temporal para poder concorrer a estas axudas impedindo que poidan facelo aquelas persoas licenciadas ou graduadas antes do 1 de xaneiro de 2013 (agás excepcións). Como xa ten denunciado o BNG diante dun criterio semellante introducido nas axudas postdoutorais, este criterio limitador supón de facto unha discriminación por razón de idade e en ningún caso responde a razóns académicas.

Todas estas cuestións supoñen un atranco no acceso a estas axudas que constitúen un elemento fundamental para as persoas que deciden iniciar unha carreira investigadora. Aliás, mesmo impediron nas convocatorias de 2013 e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19782

Data envío: 06/11/2017 13:52:58.269

2014 que se asinasen todos os contratos ao non facer a administración uso das listaxes de agarda despois das renuncias que cada ano se producen, en boa medida, como resultado da resolución das FPU. Tanto é así que a falta de coordinación entre ambas as dúas convocatorias, denuncian desde a Asemblea de Investigadoras de Compostela, e o limitado prazo para a adxudicación das prazas que foran obxecto de renuncia, provocaron que máis de 40 contratos ficasen sen asinar.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Por que razón a Xunta de Galiza acumula enormes demoras na resolución da Orde de axudas de apoio á etapa predoutoral?
- Por que o Goberno galego obriga as persoas solicitantes a elixir o lugar de destino na propia solicitude destas axudas imposibilitando que este sexa modificado con posterioridade?
- Cre que as restricións fixadas no tempo en que deben decorrer estas estadías benefician o estudantado?
- Por que razón a Xunta de Galiza establece como límite para concorrer a estas axudas ter obtido o título de Licenciatura ou Grao despois do 1 de xaneiro de 2013?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19782

Data envío: 06/11/2017 13:52:58.269

- Despois do encontro mantido por representantes da Consellaría de Cultura, Educación e O.U., pensa introducir algunha mudanza nesta convocatoria? De ser así, cales?

- Que razóns hai para que a Xunta de Galiza deixase sen asinar máis de 40 contratos predoutorais nas convocatorias de 2013 e 2014 despois das previsíbeis renuncias?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2017 13:50:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19782

Data envío: 06/11/2017 13:52:58.269

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2017 13:50:56

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 13:50:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/11/2017 13:50:59

Noa Presas Bergantiños na data 06/11/2017 13:51:01

Xosé Luis Bará Torres na data 06/11/2017 13:51:02

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 20503(10/POC-003327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a modificación de crédito por importe de 10.129.000,00 euros iniciada o 25 de outubro de 2017 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a xustificación da necesidade de incrementar en 9.100.000,00 euros (o 89,83 %) as partidas necesarias para atender os gastos de Seguridade Social non vinculados a situacións de incapacidade laboral transitoria

Publicación asignación nova Comisión, 220, 30.11.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Con data 25 de outubro de 2017 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria iniciou unha modificación de crédito por 10.129.000,00 € que se concretan en:

1. Unha ampliación de crédito dese mesmo importe para substitución de persoal docente, que se concretan nos programas 422A e 422M é dicir, persoal de educación infantil, primaria (422A) e secundaria e formación profesional (422M) que supoñen 1.000.000,00 € (o 9,87 %) e o resto para seguridade social e, polo tanto, o 90,13 %.
2. Unha baixa de crédito do mesmo importe, que sae de diversas aplicacións entre as que chaman a atención as seguintes, por ser predicibles con certeza:
 - a) Sexenios (programa 422A) por 2.750.000,00 €.
 - b) Outras remuneracións (programa 422M) por 1.482.000,00 €.

O certo é que esta modificación orzamentaria suscita diversas inquiredanzas que convén clarear, motivo polo que o deputado e a deputada que asinan preguntan:

1ª) Que xustifica que sexa necesario incrementar as partidas necesarias para atender os gastos de seguridade social non vinculados a situacións de ILT en 9.100.000,00 € (o 89,83 %) no mes de outubro de 2017?

2ª) Estaba sobredimensionada a partida destinada a sexenios?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2017 13:10
Nº Rexistro: 20503
Data envío: 21/11/2017 13:10:52.255



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 21/11/2017 13:08:40

Maria de la Concepci3n Burgo L3pez na data 21/11/2017 13:08:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 20540(10/POC-003330)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do cumprimento nas catedrais de Mondoñedo, Ourense e Tui do réxime de visitas derivado da súa condición de "ben de interese cultural" e a actuación que vai levar a cabo ao respecto

Publicación asignación nova Comisión, 220, 30.11.2017



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

As catedrais de Mondoñedo, Ourense e Tui, están a cobrar entradas para poder visitar o edificio catedralicio. De balde tan só se pode entrar mentres se celebran oficios relixiosos e para asistir a eles, non para coñecer a catedral.

Todas elas teñen a consideración de BIC e a Lei 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 48 di o seguinte: Artigo 48. Visita pública.

1. As persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta nun número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.

Está claro que ningunha destas catedrais permiten a visita pública gratuíta, xa que non se pode entrar de balde salvo cando se celebran oficios litúrxicos, pero obviamente ese non é un momento de visita turística.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Considera a Consellería de Cultura que as catedrais de Mondoñedo, Ourense e Tui están a cumprir o artigo 48 da Lei 5/2016 do 4 maio, do patrimonio cultural de Galicia, que obriga aos propietarios dos BIC a permitir a visita de balde polo menos catro días ao mes?

2.ª) A Consellería de Cultura ten dispensado desta obriga a estas catedrais?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20540
Data envío: 22/11/2017 14:04:00.255



 Grupo Parlamentario

3.^a) Que pensa facer a Consellería de Cultura ante esta situación?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/11/2017 13:57:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2017 13:57:13

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 20614(10/POC-003342)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a dispoñibilidade pola Secretaría Xeral de Cultura dalgún plan para garantir a viabilidade do Museo de Arte Contemporánea de Vigo e as previsións do Goberno galego respecto do aumento da súa participación no padroado

Publicación asignación nova Comisión, 220, 30.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**, relativa ao mantemento do MARCO como o museo de arte contemporánea na cidade de Vigo.

Dende a súa apertura a finais do ano 2002, o MARCO veu desenvolvendo a súa programación conforme aos enunciados dos Estatutos da Fundación, que o definen como centro dedicado á investigación, exhibición e difusión da creación artística contemporánea. Deste xeito nos 15 anos que acumula de vida, leváronse a cabo 117 exposicións cunha media de 82.000 visitantes ao ano, a grande maioría delas con produción propia, e outras en colaboración con centros, museos e institucións de Galicia, España e de ámbito internacional. Unha intensa e interesante produción que o colocou como un referente no mapa da arte contemporánea.

Unha oferta artística que foi tamén acompañada dunha intensa programación de actividades educativas, ademais de funcións de investigación, conservación, documentación e formación de profesionais. Falamos dunha morea de cursos (pintura, escultura, fotografía, cinema, música contemporánea, arquitectura, urbanismo...), encontros, obradoiros de artistas, e estadias en prácticas para estudantes, ademais de programas e actividades en colaboración con outros centros e institucións dirixidas a centos de escolares, adultos, público infantil e familias.

Porén, hai pouco menos dun ano o director do MARCO presentou a súa renuncia a renovar o seu contrato ante as dificultades e a carencia de medios cos que se



topaba no seu traballo. Xa nese momento recolleamos as alertas que numerosas persoas, colectivos e institucións facían sobre o futuro do museo e máis especificamente, sobre a necesidade de poñer en marcha un concurso público para a nova dirección, facilitando unha transición que permitise a continuidade do MARCO como proxecto libre e profesional.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Ten a Secretaría Xeral de Cultura algún plan para garantir a viabilidade do MARCO?
- 2.ª) Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia aumentar a súa participación no padroado?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/11/2017 13:40:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 13:45
Nº Rexistro: 20614
Data envío: 23/11/2017 13:45:41.263



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/11/2017 13:41:01

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 20619(10/POC-003343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á venda polo Ministerio de Facenda en poxa pública do predio en que se atopa o xacemento arqueolóxico do Paleolítico Superior da Pena Grande de Férvedes, no concello de Vilalba, a notificación á Xunta de Galicia ou ao concello desa decisión e as medias adoptadas ou previstas para garantir a súa permanencia en pé e mantemento, así como a valoración da posibilidade de reclamar a súa titularidade pública

Publicación asignación nova Comisión, 220, 30.11.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 13:47
Nº Rexistro: 20619
Data envío: 23/11/2017 13:47:28.622

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a venda por parte do Ministerio de Hacienda y Función Pública do predio no que se atopa o principal xacemento arqueolóxico do Paleolítico Superior de Galiza.

O Boletín Oficial do Estado (BOE) do luns 20 de novembro de 2017 o Ministerio de Hacienda y Función Pública publica unha resolución da Delegación de Economía y Hacienda de Lugo pola que se acorda a enaxenación en subasta pública de fincas rústicas na provincia de Lugo mediante o procedemento de presentación de ofertas en sobre pechado con poxas á alza.

Entre os predios que saen a subasta, que terá lugar o vindeiro 15 de decembro de 2017, atópase a Parcela 146 do polígono 1, paraxe detrás da Pena Grande, da zona de concentración parcelaria de Santabaia, no Concello de Vilalba con referencia catastral I 27065C001001460000WE.

Neste predio localízanse o principal xacemento arqueolóxico do Paleolítico Superior na Galiza. De facto, aparece referenciado no prego de condicións da poxa co seu correspondente número de rexistro no Inventario General de Bienes y Derechos del Estado 2013-724-27-027-0000-088.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 13:47
Nº Rexistro: 20619

Data envío: 23/11/2017 13:47:28.622

Este conxunto arqueolóxico ao ar libre foi descuberto en 1971 polo vilalbés José Ramil Soneira e del foron recuperados distintos útiles de sílex, cuarzo e vidro de rocha, así como un colgante pétreo de forma ovoidal cun buraco circular datado de hai 17 mil anos considerado até o momento como a peza máis antiga do noso país, depositada, ao igual que outros restos, no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.

O prezo deste predio, de 35.512 metros cadrados, con expediente 2016 027 00090, é de 7.785, 66 euros.

A venda deste lote podería supor a privatización do maior xacemento arqueolóxico do Paleolítico Superior na Galiza se acaba en mans particulares e moi posibelmente a destrución do lugar tal e como o coñecemos poñendo en risco a súa pervivencia, por exemplo, coa plantación de eucaliptos, como acontece nas inmediacións do lugar actualmente.

Desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que a administración pública, principalmente a Xunta de Galiza, mais non só, debe asumir a súa competencia exclusiva sobre o patrimonio galego (artigo 2 da Lei 5/2016) garantindo a protección e conservación do lugar. Cómpre subliñar que Pena Grande de Férvedes é o principal xacemento do Paleolítico Superior e arredor del foi construído o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba o que evidencia a súa importancia histórica e patrimonial.

Por este motivo fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Que opinión lle merece ao Goberno galego a venda da parcela na que se atopa o principal xacemento arqueolóxico do Paleolítico Superior de Galiza?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 13:47
Nº Rexistro: 20619
Data envío: 23/11/2017 13:47:28.622

Notificou o Ministerio de Hacienda ao Goberno galego ou ao Concello de Vilalba a decisión de levar a subasta o xacemento?

Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galiza para garantir a pervivencia e mantemento do xacemento?

Valorou a Consellaría reclamar a propiedade pública deste emprazamento?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2017 13:46:04

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2017 13:46:08



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 13:47
Nº Rexistro: 20619

Data envío: 23/11/2017 13:47:28.622

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2017 13:46:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/11/2017 13:46:11

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2017 13:46:12

Xosé Luis Bará Torres na data 23/11/2017 13:46:13

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 20984(10/POC-003386)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 8 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referido á realización dun estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, respecto da posibilidade de reversión ao patrimonio público da titularidade do pazo de Meirás. (Procedemento de urxencia)

Á Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mourinho Villar, Moisés Rodríguez Pérez, Martín Fernández Prado e Diego Calvo Pouso, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Nos últimos tempos, foron numerosos os debates parlamentarios en torno ao coñecido como Pazo de Meirás, situado no concello coruñés de Sada e que, na actualidade, pertence herdeiros legais de Francisco Franco.

Na sesión plenaria, celebrada na última semana do pasado mes de setembro, a Cámara galega adoptou, con 38 votos a favor e ningún en contra, un acordo parlamentario en relación coa posibilidade de recuperar para o patrimonio público este inmovible, declarado Ben de Interese Cultural (BIC).

En concreto, instouse ao Goberno galego a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, para analizar a posibilidade e os mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade do coñecido Pazo, e sen que a dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué pasos ten dado a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao devandito acordo parlamentario para o estudo xurídico sobre a reversión da propiedade do Pazo de Meirás?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 12:51
Nº Rexistro: 20984
Data envío: 30/11/2017 12:51:37.182**

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 30/11/2017 12:43:52

Maria Antón Vilasánchez na data 30/11/2017 12:43:56

Teresa Egerique Mosquera na data 30/11/2017 12:44:03

Carlos Gómez Salgado na data 30/11/2017 12:44:15

Carlos Enrique López Crespo na data 30/11/2017 12:44:23

Antonio Mouriño Villar na data 30/11/2017 12:44:33

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/11/2017 12:44:41

Martín Fernández Prado na data 30/11/2017 12:44:50

Diego Calvo Pouso na data 30/11/2017 12:44:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 14.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 10554(10/PNC-001095)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas ao apoio ás salas de teatro en Galicia

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017



Á MESA DO PARLAMENTO


O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4ª, relativa ás Salas de Teatro en Galicia.

É fundamental comezar por facer un estudo da evolución das axudas da AGADIC desde que temos datos. A continuación pódese ver unha táboa e gráficos ilustrativos da política cultural.

ANO	ORZAMENTO	RECORTE	Nº DE SALAS	PORCENTAXE
2009	200.000	0%	5	40.000,00 €
2010	180.000	-20%	5	32.000,00 €
2011	73.557	-54%	4	18.389,25 €
2012	64.571	-68%	3	21.523,61 €
2013	70.000	8%	3	23.333,33 €
2014	60.000	-14%	4	15.000,00 €
2015	70.000	17%	4	17.500,00 €
2016	70.000	17%	5	14.000,00 €



Gráfica de sectores



Por unha banda houbo un recorte do 65% con respecto a 2008 en termos de convocatoria, e dun 65% en termos de promedio por sala con respecto a 2009. É importante apuntar que este recorte refírese únicamente a AGADIC, resulta paradoxal que nestes tempos de crise (ou cambio de plans), dende o Ministerio sexan capaces de comprender o traballo que desenvolven as Salas de Galicia, a tal punto que as axudas que se perciben desde o INAEM non só non foron recortadas senón que aumentaron considerablemente, (este é o caso de Ensalle e Andamio, que son as únicas salas que concorreron ás axudas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte).



ASOCIACIÓN DE SALAS DE GALICIA 2015

Nº de Funciones 2015	554
Nº de Días de actividad sin funciones 2015	1008
Nº de Espectadores 2015	19299
Nº de trabajadores fijos 2015	13
Nº de Actores, actrices y técnicos 2015	735
Estrenos absolutos	28
Estrenos en Galicia	36
Gasto 2015	360.915 €
Financiación AGADIC	19%

Destas táboa pódense obter as seguintes conclusións:

1º De cada función que se realiza dentro dunha sala de titularidade privada a AGADIC aportaría 126 €, con todo a Sala aportaría 651 €, (isto sen contar o investimento inicial que no caso de Ensalle ascende a máis de 300.000 €).

2º Se contemplamos os días xerais de actividade os números serían: achega da AGADIC 69€ e por parte da Sala 358€.

3º Estas 554 funcións e a xestión que requiren lévanse a cabo unicamente con 13 traballadores fixos, (a AGADIC introduciu algúns cambios nas axudas que conducen aínda máis a unha precarización do emprego nas salas de titularidade privada). Nestes momentos as salas necesitan un aumento considerable do persoal laboral, pero os números non dan, o que obriga a xornadas laborais de



máis de 12 horas diarias e a longo prazo, como se puido comprobar con proxectos como Teatro Galán ou Sala Nasa, termina abocando a unha pechadura do proxecto por esgotamento.

4ª As consecuencias da desaparición destes proxectos pódense observar tamén nesta táboa: 19.299 espectadores menos nun territorio que non anda moi sobrado de público, 735 altas na Seguridade Social menos entre os profesionais das artes escénicas, 64 compañías con dificultade de poder estrear en Galicia e 290.000€ que se deixarían de ingresar. (Non parece ter sentido deixar de ingresar este diñeiro por aforrar 70.000€).

Outro punto que resulta dunha importancia capital é a propia convocatoria das axudas a salas. Neste sentido os cambios que se realizaron nos últimos anos establecen unha serie de parámetros que resultan cando menos paternalistas por parte da administración, e o que é aínda máis perigoso é que atentan contra a lei de competencias do Estado. A axuda que convoca a administración comunitaria, neste caso a AGADIC é, por lei, a única que permite sufragar gastos derivados da propia infraestrutura, é dicir, gastos xerais de mantemento, gastos de persoal laboral contratado, gastos financeiros e gastos de xestión. Pois aquí aparece de novo o paradoxo, a AGADIC marca na convocatoria da axuda unha serie de topes para estes gastos, non máis dun 40% do gasto do proxecto en contratación laboral, (o cal propón claramente que os espazos escénicos convertan o gasto de persoal laboral en gasto por servizos, despedindo aos traballadores e facéndolles darse de alta como autónomos para traballar contra factura como un gasto por servizo). Do mesmo xeito non acepta máis dun 40% de xustificación do proxecto en gastos xerais de mantemento, é dicir gastos de subministros, funxibles, alugueiros de local, etc. Isto significa poñendo un exemplo claro para facernos unha idea, que se a axuda media por proxecto é de 14.000€, unha sala non pode



gastar máis de 5.600 € neste tipo de gastos, o cal supón que a AGADIC financia menos de 2 meses de mantemento do espazo.

Os beneficiarios das axudas, son os cidadáns e as cidadás e os traballadores das artes escénicas.

Semella algo pequeno e moi concreto. Pero paga a pena apoiar os espazos públicos e privados. As políticas culturais teñen responsabilidade para que a nosa Comunidade non sexa un ermo.

A Cultura é o terceiro motor de Europa. As creadoras/es, a súa gasolina.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Apoiar cun trato digno e razoable ás salas, ás Compañías que nelas actúan, pero por riba de todo, aos espectadores e espectadoras que teñen dereito a acceder á cultura.
- Dialogar co sector para chegar a acordos con respecto ás convocatorias de axudas ás salas.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 18:10
Nº Rexistro: 10554
Data envío: 15/06/2017 18:10:54.872



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/06/2017 18:07:08

Luca Chao Pérez na data 15/06/2017 18:07:17

Luis Villares Naveira na data 15/06/2017 18:07:24

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 20986(10/PNC-001716)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a planificación e programación pola Xunta de Galicia das iniciativas precisas para a celebración no ano 2018 do Ano Europeo do Patrimonio Cultural. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, 222, 04.12.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 12:52
Nº Rexistro: 20986
Data envío: 30/11/2017 12:52:03.338

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O Parlamento Europeo e o Consello de Europa declararon 2018 como Ano Europeo do Patrimonio Cultural co obxectivo principal de que a sociedade europea descubra o amplo e diverso patrimonio que herdamos e que se reafirme o sentimento de pertenza a unha familia europea común.

Ademais, esta declaración persegue fomentar o intercambio e poñer en valor o patrimonio cultural europeo como un recurso compartido; sensibilizar acerca da nosa historia común e os valores compartidos; reforzar o sentimento de pertenza a Europa; e protexer salvagardar, reutilizar, aumentar, valorizar e fomentar ese patrimonio cultural europeo común.

En resumo, o que se promove principalmente con esta celebración é a consideración do patrimonio cultural como un elemento fundamental da diversidade cultural e do diálogo intercultural; e a súa contribución á economía, con arredor de 300.000 persoas que traballan no sector e con 7,8 millóns de empregos vinculados con el (principalmente no turismo e construción).

Europa pídelle aos poderes públicos que impulsen iniciativas, coa participación do conxunto da sociedade, que celebren este Ano Europeo 2018 e que estean baseadas no compromiso, sustentabilidade, protección e innovación arredor do patrimonio cultural.

Co obxectivo de que a sociedade galega sexa partícipe da celebración do Ano Europeo do Patrimonio Cultural en 2018, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 12:52
Nº Rexistro: 20986
Data envío: 30/11/2017 12:52:03.338**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a planificar e programar as iniciativas precisas para celebrar o Ano Europeo do Patrimonio Cultural en 2018, mediante accións que permitan promover o debate e sensibilizar a sociedade galega arredor da importancia e valor do patrimonio cultural galego; e transmitir os valores da diversidade e do diálogo intercultural”.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2017 12:47:40

César Manuel Fernández Gil na data 30/11/2017 12:47:51

Maria Antón Vilasánchez na data 30/11/2017 12:47:55

Teresa Egerique Mosquera na data 30/11/2017 12:48:02

Carlos Gómez Salgado na data 30/11/2017 12:48:13

Carlos Enrique López Crespo na data 30/11/2017 12:48:21

Antonio Mouriño Villar na data 30/11/2017 12:48:29

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/11/2017 12:48:36

Martín Fernández Prado na data 30/11/2017 12:48:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com